

O Obradoiro **Creando unha web autoxestionable para a vosa cooperativa!** enmárcase no programa de actuación 2015 da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración cofinanciada polo Fondo Social Europeo e impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A través da Rede Eusumo:

- **Foméntase o espírito emprendedor** a través da fórmula cooperativa.
- **Préstase apoio directo** á creación e consolidación de emprego con base na economía social.
- **Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local**, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



Inscrición:

O Obradoiro ten carácter gratuito.

Prazo de inscrición: ata o 23 de novembro de 2015

Prazas limitadas

Pódeste inscribir facilitando o teu nome, DNI, teléfono e correo electrónico no teléfono 981 558 008 ou en info@eusumo.coop

Máis información en:

 981 558 008  info@eusumo.coop  www.eusumo.coop



Obradoiro

**CREANDO UNHA WEB
AUTOXESTIONABLE PARA A
VOSA COOPERATIVA!**

Creación de páxinas web e blogs mediante o software libre WordPress

24 e 25 de novembro de 2015
Santiago de Compostela

Aula CeMIT de Santiago de Compostela
Rúa Alcalde Raimundo López Pol,
s/n, San Lázaro,
Edificio CERSIA Santiago de Compostela
Coordenadas: 42.885343,-8.516792



XUNTA DE GALICIA

Este obradoiro de carácter práctico vai enfocado a que os participantes poidan deseñar o seu propio Blog ou Website, a través do software libre Wordpress, coa finalidade de mellorar a comunicación da súa cooperativa e aumentar a súa visibilidade.

Entre os obxectivos que se perseguen con este taller destacan:

- ✦ Mellorar a comunicación e visibilidade da súa cooperativa.
- ✦ Ordenar a identidade gráfica da cooperativa.
- ✦ Homoxeneidade na representación visual da cooperativa.
- ✦ Actualizar a imaxe.
- ✦ Crear ou mellorar o posicionamento da cooperativa.
- ✦ Abrir novos canles de comunicación a través de internet.



a quen vai dirixido?



Está dirixido a todas aquelas persoas interesadas en coñecer as diferentes estratexias, técnicas e ferramentas web 2.0 para mellorar a súa comunicación e aumentar a súa visibilidade.

Este Obradoiro impartirase nas aulas CeMIT da Xunta de Galicia, onde os asistentes utilizarán equipos informáticos durante as dúas sesións para interiorizar os conceptos dunha maneira máis práctica e visual.

_ Xornada 1: Día 24, Creación de páxinas web e blogs .
Sesión formativa de 3 horas.

Formador: Jenniffer Bardelás , Consultora de Comunicación en Eosa Consultores

Horario: 16:30 h - 19:30 h.

Contido:

- ✦ Benvida e presentación da Rede Eusumo
- ✦ Creación de blogs e webs "autoeditables" e "autoxestionables" (nivel básico) :
 - Conceptos básicos
 - Wordpress.com e wordpress.org
 - Instalación de Wordpress
 - Instalación dun "Tema" wordpress

_ Xornada 2: Día 25, Creación de páxinas web e blogs.
Sesión formativa de 3 horas

Formador: Jenniffer Bardelás , Consultora de Comunicación en Eosa Consultores

Horario: 16:30 h - 19:30 h.

Contido:

- ✦ Creación de blogs e webs "autoeditables" e "autoxestionables" (nivel básico) :
 - Xeración de contido en wordpress.
 - Instalación e uso de plugins en wordpress.